

## **PROGRAMA ELECTORAL PARA O PROFESORADO FUNCIONARIO INTERINO**

Os acordos para a Mellora do Emprego Público e o Proxecto de Lei para redución da Temporalidade no Emprego Público, asinados por UGT co Goberno, recollen medidas que axudan a dar estabilidade ao persoal docente interino e reducir a taxa de interinidade ata alcanzar o 8% ao final do 2024.

UGT conseguiu mediante a negociación, a publicación do RD 270/2021, un sistema transitorio que de resposta á situación excepcional expón no que as probas non serán eliminatorias, onde se simplifica a fase de oposición e onde se valora de forma significativa a experiencia docente. Malia conseguir isto a nivel estatal a Consellería négase electoralistamente a aplicalo axeitadamente para favorecer a súa política de confrontación co Ministerio, sacando unha oferta minúscula, que é desigual e inxusta, e que condena a certas especialidades dos corpos docentes, e familias profesionais enteiras sen darlles resposta axeitada aos docentes destas plazas. A Xunta non estabiliza docentes, estabiliza plazas.

Así mesmo, esiximos ao Ministerio de Educación e FP que coordine os mecanismos de negociación entre as distintas Comunidades Autónomas para permitir compasar as Ofertas de Emprego Público no que respecta a os procesos que se deben celebrar ata 2024.

Neste sentido, o sindicato seguirá traballando e fará o seguimento para que se cumpran os acordos que recolle a Lei 20/21 con garantías xurídicas para os docentes, e conseguir que os procesos selectivos acaben coas altas taxas de interinidade, establíncense os persoais docentes por enriba das plazas, e redúzase a precariedade laboral.

Alén deste proceso, loitaremos por un sistema de acceso á función pública docente que garanta o anonimato do docente e sexa xusto, transparente e revisables os exames, eliminado as posibles anomalías deste.

UGT reclama respostas efectivas para mellorar as condicións sociolaborais do profesorado interino e a igualdade dos seus dereitos, mediante a equiparación en materia laboral e salarial de todos os traballadores e traballadoras do sector.

### **UGT esixe para o profesorado funcionario interino:**

- Reforzo da actual adenda de interinos, asinada por UGT aínda que non o fixeran todos os sindicatos.
- Cumprimento dos acordos de Emprego Público e a Lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade na función pública, que se materialice nunha aumento do número de prazas no sector educativo e que permita reducir a taxa de interinidade ata o 8% en 2024.
- Cambio de sistema de acceso á función pública. Loitaremos por un sistema de acceso transparente, equilibrado e xusto, propio do século XXI, no que se valore o tipo de profesor es, e que non se circunscriba única e exclusivamente en contidos teóricos. Que ese proceso selectivo teña criterios de avaliación claros, públicos e ben definidos, e nos que os exames sexan anónimos, garantido a calidade do proceso, a transparencia e a obxetividade do proceso selectivo. Non podemos seguir avaliando a opositores cun sistema do século XIX, dando este sistema no país, casos de auténtico esperpento como os acontecidos en especialidades como: Debuxo, Informática, e varias de FP entre outros casos.

- Convocatoria de procesos selectivos con maior antelación.
- Negativa ao cambio de temarios mentres se desenvolve o Acordo de Emprego Público.
- Consideración de supostos que permitan quedar exentos do proceso selectivo, mantendo o seu posto en listas de interinidade, como: parto, operación cirúrxica e outras situacións de especial relevancia.
- Mellora das condicións laborais e a redución da mobilidade do colectivo interino maior de 55 anos.
- Garantía de horarios xustos para os docentes interinos, e que non se cometan abusos sobre eles, garantido a correcta aplicación das normas que regulación a elección de materias e elaboración de horarios.
- Que non se esixa a un interino adicar máis do 50% do seu horario na fp básica.
- **Derogación do sistema de chamamentos telefónico** arcaico, **imprevisible** e con falta **total de rexistro veraz**, totalmente manipulable gardando baixas nos caixóns, con inumerables erros por un **sistema telemático automatizado con aplicación informática de adxudicacións de vacantes** (substitucións e/ou interinidades) ligado a imposibilidade de introducir vacantes nos periodos/tempos de adxudicación. Igualmente rexistro de todos os datos (por curso escolar) de toda a información ofertada en cada vacante que actualmente se borra e polo cal e imposible xustificar as condicións ofertadas.